



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de marzo de 2018
Duración	Desde as 20:02 ata as 22:35 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretaria Accidental	MARIA RODRÍGUEZ GÓMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEG0 SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEG0	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior de 23 de febreiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior, realizada o 23.02.2018, coa seguinte corrección:

- No punto 12º, Expte.:849/2018, na votación de acordo da proposta emendada, eliminar o punto 3º da Moción, quedando polo tanto aprobados por unanimidade os puntos 1º e 2º.

Expediente 1366/2018. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 11,
En contra: 8,
Abstencións:
2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Concello de Cangas



Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 15.03.2018, relativa ao recoñecemento extraxudicial de Créditos, que é como segue:

“Proposta de Alcaldía de aprobación do expediente nº2/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Resultando preciso recoñecer os pagamentos pendentes de aplicación e as obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e suministro de bens por parte dos terceiros e constan no expediente as facturas acreditativas de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”

Visto o informe do Interventor municipal de data do 15 de marzo de 2018, coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente núm. 2/2018 de recoñecemento extraxudicial dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 24.469,94 euros, para os efectos de dar a estes a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2018; previo levantamento do reparo formulado para o efecto pola Intervención municipal.

C.PRO G	ECONÓMI CA	D. Factura	N.I.F.	Terceiro	Descrición	Importe	Motivo rec.
1532	63902	20/12/2017	B27728492	SESTRAMA 09, S.L.	FR 137 ampliacion ÁLVARO GUITIÁN	5.966,53	sin crédito
1532	63902	20/12/2017	B27728492	SESTRAMA 09, S.L.	FR 136 CER 2 LIQ. PAV.ALVARO GUITIAN	18.503,41	pte.certificación
					TOTAL	24.469,94	

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: Informa que se trata dun expediente para pagar unhas facturas de obras xa executadas. As certificacións e as facturas da obra entregáronse despois de que intervención pechase o exercizo.

Sr. Millán Blanco: pregunta se alguén vai explicar o asunto, se puntualizará o concelleiro da area. Di que xa levamos máis de 157.000 € que se deben compensar no posible orzamento que se presente aquí. Son gastos feitos e xa incumpriron o teito de gasto.



Concello de Cangas

Segundo o que se di no informe de intervención as certificacións teñen deficiencias. Hai unha factura dun proxecto modificado non aprobado por ningún órgano desta administración. Hai, polo tanto, varios incumprimentos da lei de contratos e consta a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, case ao final da obra.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN,).

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstencións: 2 (1 dos/as concelleiros/as presentes do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1384/2018. Proposta da Alcaldía desbloqueo Tarxeta Transporte Metropolitano

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 15.03.2018, relativa ao desbloqueo Tarxeta Transporte Metropolitano, que é como segue:

“Proposta Desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.

Visto o escrito presentado por diferentes colectivos da plataforma PassÁREA que fan unha exposición de motivos polo “que debido á próxima substitución da Tarxeta Verde pola chamada Pass Vigo, a partir do 01 de Abril, que só poderá emitirse en favor dos usuarios empadroados no Concello de Vigo, considerando que se trata dunha decisión que repercute directamente nas economías familiares dos miles de usuarios afectados por esta medida, na maioría dos casos colectivos máis necesitados e que, cabe recordar, moitos dos usuarios que hoxe utilizan os servizos de Vitrasa, aínda que residindo no Concello de Cangas, membro da área metropolitana de Vigo, traballan en Vigo, teñen servizos esenciais como o Hospital na cidade, e realizan consumos habituais nas áreas comerciais da cidade olívica. Todas estas persoas, coa implantación desta nova tarxeta Pass Vigo, verán recortada a súa capacidade económica a consecuencia do inxusto incremento do custo do seu billete. A iniciativa PASS ÁREA cre discriminatoria á par que insolidaria e antisocial esta nova tarxeta, e considera que se trata dun ataque directo ás persoas con menos recursos. Debemos ter en conta ademais, que discriminar aos usuarios dun servizo público por razón de residencia, como nos ocupa neste caso, ao igual que o sería por cuestión de lugar de nacemento, relixión ou opinións políticas, non so é contrario aos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



principios esenciais de convivencia senón que pode ser inconstitucional e ilegal”.

Esta Alcaldía, recollendo a petición da Plataforma, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar ao Presidente da Xunta de Galicia e ás alcaldías da Área Metropolitana de Vigo o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.

Segundo.-Solicitar ao Concello de Vigo a paralización da substitución da Tarxeta Verde pola Tarxeta Pass Vigo, mentres non se resolva o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: indica que se toma como base para a proposta presentada a proposta dunha Plataforma “Passárea” e le os puntos do acordo.

O Sr. Alcalde dí que hai un engadido presentado polo grupo municipal BNG, que pasar a ler:

“Engadido do Grupo Municipal BNG de Cangas á proposta relativa ao desbloqueo da tarxeta de transporte metropolitano.

En relación ao primeiro punto:

Primeiro: solicitar ao Presidente da Xunta de Galicia e ás alcaldías da Área Metropolitana de Vigo o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano en base aos seguintes puntos de acordo:

1.- Que a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo cumpran co convenio asinado o 6 de xullo de 2016, asumindo cada parte os compromisos que asinaron. Empezando de inmediato co punto no que estaban de acordo, transporte interurbano combinado co transporte urbano de Vigo, deixando de dicriminar ás persoas da área en función da súa procedencia e aos concellos membros do Plan de Transporte Metropolitano que asumimos pagamentos en función do número de viaxes realizadas e non exclusivamente as da nosa veciñanza.

2.- Que a Xunta de Galicia, convoque a Comisión de Seguemento do "Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia, na área de transporte metropolitano de Vigo", xa que leva desde o 7 de abril de 2017, sen facelo incumprindo así a cláusula 4.3- Operatividade na que se indica que a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral.”

Sr. Gestido Porto: di que non recibíu a convocatoria da Comisión Informativa na que, por certo, non se incluíu unha moción polo seu partido presentada o 15 de marzo sobre a Pass.

Sr. Alcalde: explica que houbo que adiantar o pleno e que, efectivamente a data final para presentación de mocións era do 15, pero que polo exposto a Xunta de portavoces non a podía incluír. Dille que se quere que se pode engadir por uxencia

Sr. Soliño Costas: dí que lle parece moi forte facer unha engádega a unha proposta dunha



plataforma.

Sra Giráldez Santos: explica a engádega presentada e lle di ao Sr. Soliño Costas que o que solicita o BNG e unha engádega en relación ao primeiro punto que desenvolve ese punto. Recolle a proposta da plataforma incluído primeiro punto para que se asuman os pagamentos en función do número de viaxes realizadas e non exclusivamente as da nosa veciñanza e que se convoque a Comisión de Seguemento do "Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia, na área de transporte metropolitano de Vigo cando menos semestralmente

Trata de afondar no que se solicita e aclarar á Xunta e ás alcaldías que partes hai que desbloquear e dá lectura ao engadido.

A día de hoxe os máis prexudicados son os veciños/as de Cangas, xa que asumimos 105.000€ para o transporte de todo o mundo e só pedimos manter o mesmo punto de acordo aclarando a situación

Incidencias:

Cando son as 20:17 horas incorpórase ao Salón de Pleno o concelleiro Sr. Graña Graña.

Sr. Iglesias Santos: di que se trata de crear a Área metropolitana de Vigo, que actualmente esta suspendida neste momento por varios factores; a) Falta de habilidade política ou cabezonería de algúns concellos e b)Fallo de continuar cunha asamblea que non tiña que ser tal

Non pedimos que Vigo poña cartos para facer uns gastos que non lle correspondan. Debemos intentar que se senten á mesa todos os concellos implicados e que se constitúa a área metropolitana.votará que si, pero o resto non nos conduce a ningures.

Sr. Soliño Costas: sobre a engádega di que o que trae o Sr. Alcalde é unha proposta motivada por unha xuntanza que tivo coa plataforma e que, se se engade isto se viola o acordo que tivo o Sr. Pazos Varela. Pide que se vote aparte a engádega, para que o escrito quede limpo.

O PP sempre defendeu a Área Metropolitana, a inclusión do transporte marítimo e o transporte único metropolitano, o 6 de xullo 2016, asinouse entre a Xunta, Alcaldía de Vigo e Vitrasa ese convenio onde se incorporara a Vitrasa. De aí a uns días o Sr. Alcalde de Vigo botouse atrás, deixou de incluír este transporte, consecuentemente se pregunta que sentido ten un transporte metropolitano se non está incorporado o Vitrasa?. A viaxe pasou de custo 2,60 euros a 1,30, eses son os cartos dos que o Alcalde fala, os 105.000€ que é o 20%, que se subvencione e que aforran os nosos veciños. O 80% o paga a Xunta de Galicia. O único concello que está paralizado é o de Vigo mentres os alcaldes afíns calan, ocultan a verdadeira realidade respecto á Area Metropolitana, e sobre todo da Pass Vigo

O 23 de febreiro o PP trouxo unha moción parecida sobre a Pass Vigo, pola que se discrimina e marxina os veciños dos concellos limítrofes a Vigo e vostedes todos, votastedes en contra, actuando como os concelleiros de Vigo, non como concelleiros de Cangas. Nesa moción tamén se pedía un informe da secretaria sobre a legalidade das vantaxas da Pass Vigo e o mesmo decía que non é conforme coa normativa legal utilizar o criterio do empadronamento para aplicar bonificacións, vantaxes fiscais, as tarifas e taxas



públicas a pagar por usuarios dos servizos municipais

No segundo punto da moción se pedía a presentación dun contencioso para adopción de medidas cautelares que suspendesen a posta en marcha da Pass Vigo. Cando imos a Vigo é por necesidade e deixamos ali moitos cartos, e con isto nos crean unha peaxe ante a pasividade do goberno, foi por isto polo que se creou esta plataforma, para defendelos da ilegalidade. Plataforma na que se pide a parálise da tarxeta Pass Vigo

Sr. Alcalde: como alcalde sempre defenderei os intereses de Cangas. Na plataforma non hai xente de Cangas, son de Redondela, Moaña e Mos. Vostede, parece mentira que fora membro da assemblea da área metropolitana e non se enterou do que pasou na plataforma da área metropolitana (referíndose ao Sr. Soliño Costas)

Á reunión cos membros da plataforma a tiven eu, e polo tanto serei eu quen diga se se viola o sentido do acordo ou non. O engadido o único que fai é aclarar o primeiro punto con que se reúna a comisión de seguemento estamos todas as alcaldías da área. Se lle da forma ao punto. O segundo Punto tamén se recolle, que se paralice a Pass mentres non estea funcionando a tarxeta metropolitana.

Pregúntalle que sentido ten o transporte sen Vitrasa? Vigo liga iso ao transporte metropolitano, o que Vigo non aceptaba era ir en coche a Vigo e despois usar o Vitrasa.

Dille ao Sr. Iglesias Santos que non é necesario poñer en marcha a área para poñer en funcionamento o transporte metropolitano, de feito non hai área, e hai transporte metropolitano, menos en Vigo e Gondomar

Non se pode ler dous parágrafos do informe da secretaria. A mesma secretaria fai un estudo xenérico e di que é ilegal bonificar por razón de empadronamento pero tamén di que non tivo acceso ao expediente tramitado en Vigo e que polo tanto pode dar fe do que pode dar fe. Mos e Redondela xa denunciaron, polo tanto que se lle anula a eles para nós tamén. Bonifícase o billete en función do empadronamento.

Teño pendente unha reunión co Alcalde de Vigo onde lle vou pedir, que se poña en marcha o transporte metropolitano e mentres se paralice a Pass Vigo e que non cobren por aparcar nun aparcamento que fixo o Concello de Vigo. A xunta ten a obriga de ter un aparcamento gratuíto

Sra. Vizoso Marcos: di que estan a favor da proposta da Alcaldía, son as demandas da plataforma e tamén sobre o fondo da cuestión da engádega e non habería problema en votala por separado. Queren instar aos grupos políticos do PSOE e o PP que o fundamental sexa o desbloqueo da área metropolitana, que hai que traballar máis pola veciñanza e deixar de lado os egos

Sra. Giráldez Santos: esta engádega preséntase para non andar con moitas mocións. Estamos centrando os puntos de acordo no problema real, en porque é necesario o bloqueo en base a un convenio asinado e a convocatoria da Comisión de seguemento. O Problema de fondo é o tema da área. Non quere presentar como unha moción fora de aquí porque isto é reiterar o punto primeiro. A moción similar contra a que votamos en contra dunha moción que decía Soliño non ten nada que ver con isto, non se parecía en nada, aquilo era solicitar un informe e que se presentase un contencioso en base a ese informe. Tamén se presentara pola BNG unha engádega que como desvirtuaba o sentido da moción retirouse e



se presenta hoxe como moción o tema do hospital.

Sr. Gestido Porto: o problema político é de fondo. O escrito presentado pola plataforma é claro, que solicita dous puntos moi claros ao igual que engádega ou da moción presentada por este grupo. Non se pode poñer en marcha unha fronteira que dicrimine aos galegos/as. Cre que se debe votar o da plataforma e presentar unha moción conxunta de todos os grupos de Cangas para defender os dereitos dos veciños de Cangas e instar a Xunta de Galicia que actúe.

Sr. Iglesias Santos: debemos confesar todos que aquí, e temos que coincidir niso, en que non temos competencias suficiencias para esixir ao Concello de Vigo que faga o que non quere facer. Temos que instar á Xunta a que poña os cartos do transporte metropolitano de Vigo, ese 80 % . Votarei que si tanto á proposta da plataforma como á engádega do BNG

Sr. Soliño Costas: di que o que se pedía na moción presentada polo PP no anterior pleno decía que se solicitaba medidas cautelares que suspendan a Pass Vigo e do que falamos agora e que se suspenda a posta en marcha. Cando falamos da Área metropolitana está paralizada polo contencioso por unha errada composición da mesma, de Moaña, que creo que é do BNG e Gondomar.

VOTACIÓN E ACORDO DO ENGADIDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE).

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente o engadido presentado polo grupo municipal BNG, transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA DEFINITIVA: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coas modificacións aceptadas, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

“Primeiro: solicitar ao Presidente da Xunta de Galicia e ás alcaldías da Área Metropolitana de Vigo o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano en base aos seguintes puntos de acordo:

1.- Que a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo cumpran co convenio asinado o 6 de xullo de 2016, asumindo cada parte os compromisos que asinaron. Empezando de inmediato co punto no que estaban de acordo, transporte interurbano combinado co transporte urbano de Vigo, deixando de dicriminar ás persoas da área en función da súa procedencia e aos concellos membros do Plan de Transporte Metropolitano que asumimos pagamentos en función do número de viaxes realizadas e non exclusivamente as da nosa veciñanza.

2.- Que a Xunta de Galicia, convoque a Comisión de Seguemento do "Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia, na área de transporte metropolitano de Vigo", xa que leva desde o 7 de abril de 2017, sen facelo incumprindo así a cláusula 4.3- Operatividade na que se indica que a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral.”



Segundo.-Solicitar ao Concello de Vigo a paralización da substitución da Tarxeta Verde pola Tarxeta Pass Vigo, mentres non se resolva o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano."

Expediente 1246/2018. Moción do PP sobre modificación do DEUP

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 05.03.2018, relativa á modificación do DEUP, que é como segue:

"No DOGA Núm.44 do día 2.02.2018 publícase o Anuncio de Portos de Galicia da Resolución do 14 de Febreiro do 2018 pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto de Cangas. Unha vez vistos o expediente e o informe -proposta da xefa da área de explotación e planificación portuaria, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de administración de Portos de Galicia de 8.02.2018 dando a conformidade a delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Cangas, resolven aprobar o documento da DEUP do porto de Cangas , na súa versión asinada en febreiro do 2018 por un enxeñeiro da entidade pública responsable do departamento de planificación, e pola xefa da área de explotación e planificación .

Despois de feitas as correspondentes comprobacións resulta que para nada se tiveron en conta as propostas do Concello, si a da Contraría.

Para o PP de Cangas resúltalle sorprendente e incomprendible que un documento tan importante como este para o noso Concello, non fora obxecto por parte do goberno municipal ao longo deste ano de tramitación, dun seguimento puntual. Seguramente agora liaránse e culparán aos demais destes feitos , cando a realidade é que é unha mostra máis da nula xestión e pasotismo dos responsables municipais ao longo desta Lexislatura.Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de acordo :

-Instar a Portos de Galicia a modificar o espazo do Porto de Cangas da súa competencia tendo en conta a alegación efectuada polo Pleno da Corporación durante a exposición pública do documento de DEUP .

-Instar a Portos de Galicia a redacción do Plan Especial do Porto de Cangas da súa competencia, tendo en conta a alegación efectuada polo Pleno da Corporación durante a exposición pública do documento de DEUP.

- Instar a Portos de Galicia a redacción do Plan Especial do Porto de Cangas."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: O Sr. Sotelo Villar di que todos queremos que se deixe fóra o que non é



estritamente portuario. Hai temas coma este nos cales debemos coincidir tódolos grupos políticos polo interés do Concello

Incidencias:

Cando son as 20:45 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Mera Herbello, e se incorpora as 20:47.

Non é normal que se publicite nos medios de comunicación a aprobación de diferentes plans de delimitacións de usos sen dicir de que portos eran. Quedamos sorprendidos; Feitas investigacións confirmouse o que sospeitabamos. Creo que non é normal que se salga anunciando isto e que ninguén se preocupe e que se solicite por este grupo municipal o día 5 a documentación, que se fagan preguntas e que non se contesten,. Temos a sospeita de que a portos só se remitiu o acordo que se aprobou aquí e que ninguén se preocupou diso. despois nos botamos as mans na cabeza. Nós non iremos en contra dos intereses do Concello, non criticamos públicamente a desidia coa que se actuou neste tema, hai que lembrar que transcorreu máis dun ano dende a aprobación do que se fixo aquí. Temos que esixir a modificación do espazo, que se teña en conta a alegación feita no seu día e que se inste a que no menor tempo posible se efectúe o Plan Especial e Portos que ten que ser aprobado por esta corporación

Hai que ver se existe algunha alternativa xurídica pero o que está claro é que deferenderemos este tema na oposición, é de interese para todas as forzas políticas xa que é un tema que trascende da política municipal

Non quero lembrar o que dixeron aquí cando levaban poucos meses gobernando, acusáronnos de non tramitar a desafectación destes terreos diante de costas, cando non era certo, para a opinión pública somos os culpables, pero pasaron tres anos e non moveron un só papel, os terreos seguen igual

Sr. Alcalde: Indica que está de acordo que na oposición defende igual que no goberno, pero recrimínalle que entra na descalificación, dicendo que non fixemos nada. Onte paséilles unha contestación da consellería, co cal se certifica que se mandou o acordo plenario. É mais, direilles que o concelleiro de urbanismo e eu tivemos unha reunión co Presidente de Portos de Galicia onde lle transmitimos as nosas peticións e o acordo plenario e sobre a innecesariade do porto deses terreos. A Conselleira marcounos un camiño, deixounos claro que antes debe declararse a innecesariade. E iso lle pedimos. Se non nos serve a interacción porto/cidade, para o que queremos, que se nos ceda, non podemos pedir que con esas premisas nos faga o plan especial de porto, primeiro debemos pedir que se modifican . Levome reunido co Señor Durán catro veces mínimo, con maior ou menor resultado

Sr. Hermelo Álvarez: A desafectación é a proposta do equipo de goberno, trataríase de substituír os punto 1 e 2 da moción por solicitar en base ao escrito da consellería Portos de Galicia de innecesariade.

1.- Instar a Portos de Galicia, a que inicie o expediente de declaración de innecesariade dos terreos referidos na alegación presentada polo Concello de Cangas.

2.- A continuación desa declaración redacción do Plan Especial do Porto de Cangas."

Sr. Abalo Costa: Como advertin un tono conciliador na intervención do Sr. SoteloVillar



continuo pero puntualiza que con respecto da reversión dos terreos relativos a Costas, (para que se entenda, gráficamente é a franxa de terreo que vai dende Ojea ata a Capela do Hospital), fixéronse xestións en Pontevedra e Madrid, pero non avanzaron máis porque teñen que desaparecer as concesións existentes, nos emprazan a que agardemos.

En relación ao Plan de Usos quero remarcar que tamén estivo a confraría na reunión, non só o Concello (aos que lle aceptaron a súa alegación). A situación legal actual é a que hai, teremos que presentar os recursos correspondente; Recurso de Reposición e contencioso-administrativo. Os avogados teñen o asunto nas súas mans. Estes extremos deben quedar claros. É preciso declarar a innecesariedade porque xa no seu día, por exemplo, primeiro se prometeu a cesión gratuíta dos terreos de Salgueirón e despois cambiou o presidente e se denegou.

Sr. Gestido Porto: di que todos están de acordo co apoio a esta moción e se debe facer unha comisión especial, sentarse e pedir reunións coa Xunta de Galicia para chegar a acordos concretos. O goberno debe perseguir o seu obxectivo.

Sr. Iglesias Santos: di que desde que chegou a proposta de reversión do Sr. Abalo Costa chamei a atención sobre certas reflexións de como era isto. O Concello debe ostentar ás máximas competencias posibles sobre o seu territorio. Di que isto é un tema administrativo, que hai que iniciar un expediente axeitado, que contemple todo o que pida a administración. Cando a administración diga que non é cando poderemos actuar xudicialmente

Se ve que o escrito que manda o Sr. Alcalde ven asinado por funcionarios da Consellería. Como neste tema están, polo menos 4 administracións solapadas no noso fronte marítimos temos que facer estudo para avanzar na presentación dun expediente que sexa seguro

O Alcalde pregunta o PP se acepta ou non a emenda que presentaba o Sr. Hermelo Álvarez

Sr. Sotelo di que non hai problema se se fai referencia ao plan de usos

Sr. Abalo Costa: Dille ao Sr. Iglesias Santos que neses ámbitos non temos competencia O proceso administrativo acabouse, queda o procedemento xurídico que está moi claro, e cuestión de ler o DOGA.

Sr. Sotelo Villar: dille ao Sr. Abalo Costa que repase a hemeroteca. Di que a día de hoxe só hai unha concesión que non ten actividade e con dubidosa legalidade. Cónstalle que dende hai seis meses ninguén preguntou por este tema .

Decirlle ao Sr. Iglesias Santos que este documento está feito polos técnicos responsable de Portos pero levado ao consello de administración que é o último órgano para aprobar o documento. O único que nos queda e que se inste o "PXOM do Porto" no que poderemos incidir

O Alcalde Centra o punto de votación dando lectura ao texto modificado aportado polo Sr. Hermelo Álvarez

"Engadido do Sr. Hermelo Álvarez:



1.- Instar a portos de Galicia, a que inicie o expediente de declaración de innecesiedade dos terreos referidos na alegación presentada polo Concello de Cangas.

2.- A continuación desa declaración redacción deberá tramitar o Plan Especial do Porto de Cangas."

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita presentada coas modificacións aceptadas, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

"1.- Instar a Portos de Galicia, a que inicie o expediente de declaración de innecesiedade dos terreos referidos na alegación presentada polo Concello de Cangas.

2.- A continuación desa declaración que redacte o Plan Especial do Porto de Cangas."

Incidencias:

Cando son as 21:10 horas abandona o Salón de Sesiões a concelleira Sra. Cordeiro Magdaleno

Expediente 1365/2018. Moción do Grupo Municipal PP sobre infraestruturas

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 10,
Abstencións: 1, Ausentes: 2

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 12.03.2018, relativa a infraestruturas, que é como segue:

"Seguramente un dos temas nos que todas as forzas políticas presentes na Corporación coincidimos é na necesidade de construción da variante, anteproxecto que estivo a exposición do público e por unanimidade foron presentadas alegacións que se plasmaron posteriormente no que sería anteproxecto definitivo. Mais tarde e despois de distintas conversas tanto coa actual Conselleira de Infraestruturas e tamén co Pte. da Xunta, o pasado 9 de marzo do 2015 licítase a redacción do proxecto do 1º tramo por importe 105.801,03 € (Redacción de proxecto que non construción). Pasaron desde entón 3 anos e o goberno municipal excepto recentes titulares de prensa nin se acordou de dito proxecto.

Ao PP de Cangas parécelle ben, aínda que sexa tarde, que se reivindicue esta infraestruturas (Sempre o fixemos), pero tamén que se faga o mesmo por exemplo coa estrada de O Viso - Igrexario dependente da Deputación que ademais tiña financiamento no 2015 con nada menos que 1 M. de € que foron desviados ano tras ano a convenios con outros Concellos e que parece que o actual goberno non lles preocupa.



Que dicir das vías dependentes do Concello que despois de tres anos de Lexislatura están sumidos no mais profundo abandono.

Insistimos a construción da variante é necesaria, pero tamén outras vías que dependen de Administracións "supostamente amigas", sen esquecerse das que dependen de nós.

Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de acordo :

1º.- Crear unha Comisión de Infraestruturas onde se estuden e programen ditas vías.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que execute o proxecto da variante de Cangas.

3º.- Instar a Deputación de Pontevedra a que execute o proxecto da estrada O Viso-Igrexario .

4º.- Instar ao Concello a que no prazo máximo de tres meses, presente unha proposta de actuación nas distintas vías de competencia municipal."

DELIBERACIÓNS:

Sra. Hermelo Piñeiro: le a moción.

Incidencias:

Cando son as 21:12 horas abandonan o Salón de Sesiós os concelleiros Sres. Abalo Costa e Hermelo Álvarez, incorporándose a este cando son as 21:15 horas.

A Sra. Hermelo Piñeiro di que esta mañán veciños de Herbello e Vilanova, reuníronse co Sr. Alcalde e moitos veciños demandan melloras nas vías municipais.

Sr. Alcalde: unha das primeiras entrevistas da miña persoa como Alcalde foi coa concelleira de infraestruturas que dixo que dobraran as previsións dos orzamentos e que tiña que ser para a obra do corredor. Pedimos a execución por tramos se non había orzamento, pero o goberno do PP non nos fai caso nin no caso da variante nin no caso do centro de saúde.

Sra. Giráldez Santos: o Sr. Alcalde respostou ao primeiro dos puntos da moción, en canto o tema da circunvalación de Cangas temos solicitada a entrevista, pero agardamos a resposta, todavía non sabemos nada. Non sabemos nada do proxecto, non puidemos acceder a el, o licitado foi o primeiro tramo do 2015 e desapareceu. Unha vez que o vexamos podemos instar á execución.

En canto ao punto primeiro, supón que se fai referencia a vías de todos os titulares (Xunta, Deputación). Que imos estudar?Duplicar comisións?, hai varias creadas ás que non acuden. Este ano saerá en breve o que investiremos no 2018, pero non será no prazo de tres meses, senón antes.

Incidencias:



Cando son as 21:18 horas abandona o Salón de Sesiões o concelleiro Sr. Pérez Gallego que se incorpora ás 21:20.

Sr. Hermelo Álvarez: Di que o voto será negativo reforzando as puntualizacións da alcaldía e da Sra Giraldez Santos. O contido das infraestruturas debe estar respaldado polo PXOM, e reforzado por unha comisión que non asistides (pode citar 8 ou 9) mandarnos facer para non vir.

Sra. Hermelo Piñeiro: lembra as palabras da Sra, Vizoso Marcos, pelexamos polas vías municipais independentemente das siglas políticas. Fun a todas as reunións de Saúde menos a última, porque non recibin o correo. (dille ao Sr. Hérmelo Álvarez)

Dille ás Sra. Giráldez Santos que revisaran as cifras e veremos se os cartos van aos camiños ou non.

Sr. Alcalde: unha cousa é votar en contra da moción e outra que votar en contra non implica que non se arranxan os camiños. Os cartos de camiños se gastan en camiños e os remanentes tamén.

O Sr. Abalo non está presente nesta votación

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 7 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE)

Votos en contra:10 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN).

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1361/2018. Moción do Grupo Municipal BNG sobre Aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0,
Abstencións: 8, Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, relativa ao Aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro, que é como segue:

“O modelo sanitario privatizador do Partido Popular non é un modelo novo, pois conta con moitos anos de experiencia noutros territorios. Así, fronte a un sistema sanitario público, xestionado pola administración pública, pásase a unha sanidade xestionada por



empresas privadas e fondos de investimento, cuxo único obxectivo é gañar cartos por medios especulativos.

Deste xeito na área sanitaria de Vigo sufrimos unha dupla dirección no hospital Alvaro Cunqueiro: por un lado, a empresa concesionaria e, pola outra, a parte sanitaria. Ambas as partes teñen que convivir e isto xera problemas de competencias. Alén diso, hai un problema moi claro: unha parte dos servizos non sanitarios pero esenciais para garantir a calidade da asistencia prestada contrátase con criterios de rendemento económico.

O novo hospital Alvaro Cunqueiro, cuxa construción demorou máis de 15 meses sen sanción ningunha para a construtora, é tamén unha máquina de facer cartos para UTE, directa ou indirectamente.

O aparcadoiro privado é a imaxe do negocio previsto. Os/as veciños/as das comarcas que somos usuarios/as da área sanitaria de Vigo vémonos na obriga de estacionar si ou si nel, cunhas tarifas abusivas, sen posibilidade de alternativa de zona de aparcamento libre.

Toda vez que o aparcadoiro que está a construír o concello de Vigo semella que limitará a súa gratuidade ás persoas empadroadas en Vigo, o resto de persoas usuarias dos demais concellos seguen sen ter unha alternativa de balde ao aparcadoiro de pago, como si existe noutros centros hospitalarios como no caso do Hospital do Meixoeiro.

Por iso, o grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

Demandar da Xunta de Galiza proceder a habilitar unha zona de libre aparcadoiro no hospital Alvaro Cunqueiro para usuarios-as da área sanitaria de Vigo.”

Incidencias:

Cando son as 21:26 horas abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde Sra. Giráldez Santos, incorporándose ás 21:31.

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: indica que esta moción vai en relación co déficit da sanidade pública en Galicia. Pásase dun sistema público a un sistema financiado con empresas privadas.

Incidencias:

Cando son as 21:27 horas incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Abalo.

Di que así como outros hospitales públicos teñen unha área de aparcamento público para evitar eses problemas demanda da Xunta de Galiza para que proceda a habilitar unha zona de libre aparcadoiro no hospital Alvaro Cunqueiro para usuarios-as da área sanitaria de Vigo

Sr. Sotelo Villar: Dá lectura á emenda presentada que di:



“Demandar da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo que procedan a habilitar unha zona de libre aparcadoiro no hospital Alvaro Cunqueiro para usuarios-as da área sanitaria de Vigo.”

Como a Xunta non pode facer o aparcamento nos terreos dos demais, pedimos que pidan á Xunta un terreo habilitado para aparcamento.

Sra. Giráldez Santos: indica que non lle dicen como teñen que habilitalo, nin en que terreos, senón que se pide que sexa dentro da área.

Sr. Sotelo Villar: di que o lóxico é que se poña de acordo o Concello de Vigo (propietario do terreo) e a Xunta.

O Sr. Alcalde. Di que con que a Xunta rescate a concesión para explotar o aparcamento xa está

Sr. Iglesias Santos: Da lectura á moción presentada polo PSOE o 28.12.20106 aprobada por unanimidade. Di que se seguise a técnica do resto votaría en contra da moción, en cambio votará a favor a pesar de que xa se presentou no seu tempo

Sr. Abalo Costa: Di que máis que rexeitar a moción o mellor sería que os acordos se executasen

Sr. Sotelo Villar: Gracias ao goberno do PP os cidadáns de Cangas pagan moito menos pola viaxe. Agora parece que a sanidade pública é a que fai aparcadoiros. No xeral a cafetería, a limpeza, a seguridade eran privadas. Cabe lembrar que máis do 80 % dos cangueses van a Povisa

VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA:

Votos a favor: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE).

Abstencións: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente. A moción presentada e rexeitar a emenda transcrita anteriormente.



**Expediente 1363/2018. Moción do Grupo Municipal PP sobre reprobación
Concelleiro de Cultura**

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 11,
Abstencións: 2, Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 14.03.2018, relativa á reprobación Concelleiro de Cultura, que é como segue:

“Reprobar a un Concelleiro é unha forma de mostrar o descontento, polo menos deste Grupo Municipal, coa actuación e decisións dun membro do goberno. É dar publicamente un tirón de orellas polo que entendemos nefasta xestión ao longo do que levamos de Lexislatura, neste caso na área de Cultura.

Sobran argumentos :

-En tres anos o Carnaval de Cangas desapareceu pola nula implicación da Concellería de Cultura.

-A biblioteca, a pesar das queixas dos usuarios e mesmo con aprobación unánime de toda a Corporación de Mocións que instaban ao Goberno a mellorar este servizo, a biblioteca central segue sen cumprir coas necesidades dos usuarios.

-A nula xestión na mellora do xacemento do Facho, con episodios como o do anel ou das aras nas caixas de peixe incluídos. Iso si foto con anuncio de convenio coa Deputación. A realidade é que en tres anos fíxose unha limpeza ao remate do pasado verán.

-As mentiras sobre a posibilidade de musealizar os achados do Facho na Casa do Pobo. Onde están os informes aos que o Concelleiro facía referencia na publicación da noticia.

- E para completar a faena as escandalosas contas das festas do Cristo, ata agora no 2017 o Concello tivo que poñer mas de 138.000 €. E dicimos ata agora pois despois de presentadas as Contas (Mais ben informe do interventor) aparecen cantidades os poucos días nunha modificación de crédito. Por certo as contas do 2016 estamos aínda esperando por elas.

Consideramos que son motivos mais que suficientes para criticar e chamar a atención da nula capacidade de xestión neste caso dos responsables políticos da área de Cultura .

Por todo iso efectuamos a seguinte Proposta de Acordo :

O Pleno da Corporación reproba a xestión do Concelleiro de Cultura no que levamos de lexislatura, esperando maior implicación e rigor na procura de solucións aos problemas nesta área antes citados.”

DELIBERACIÓNS:



Sr. Soliño Costas: dá lectura á moción e pregunta en que se gastaron os 9000€ do Entroido. Di que en canto as festas do Cristo cantas cousas non sabemos, xa ASPUM cuestionou as actuacións

Sr. Mera Herbello: Agradece ao PP as puntualizacións, e di que moitas cousas se fiscalizaron por parte do concelleiro. Dille que viven nunha realidade paralela e que están equivocados. Di que agarda que a súa xestión non sexa aprobada polo PP porque non hai nin un céntimo en negro. Esta moción non ten rigor, fala dun entroido no que existiu unha nula implicación por parte do PP. No taboleiro da casa da cultura están expostas todas as actas das reunións realizadas cas asociacións, cos colectivos e os técnicos municipais para preparar este tema e que para o tempo que acompañou ao entroido foi de gran éxito. O entroido é unha manifestación popular, o Concello está ó seu carón pero non é o organizador. Os problemas co entroido veñen de lonxe en canto ás outras puntualizacións indicadas sinala ;

A programación do auditorio vai coma un tiro,
Na bibliotecas hai tres persoas traballando e esa é a herdanza do plan de axuste que nos deixaron. Hai un mínimo garantizado, en maio, cando poidamos contratar se reforzará o servizo

Alucino con que cada vez que se sinala o facho para unha actuación, logo do boicot do Ministerio, o PP estea detrás. Como pode criticar o tema do facho cando o arqueólogo estaba en EEUU. En abril serán os traballo de limpeza.

Pregunta tamén se non lle chegou a resposta por escrito da súa pregunta sobre o museo.
Antes non se sabía o que costaban as festas do Cristo o que implicou o cese do concelleiro de Cultura, Lembro un documento de xullo de 2015 no que o Sr. Sotelo Villar dixo que non tiña responsabilidade respecto das actuación do Concelleiro de Cultura respecto das festas do Cristo

Sr. Gestido Porto: non valorará a xestión do Sr. Mera Herbello, serán os veciños/as os que decidan a súa continuidade do Goberno. Absterase

Sr. Iglesias Santos: Di que cada mes podemos reprobar as actuación do goberno votando en contra das mocións e cada 4 anos son os veciños/as os que deciden sobre o futuro dos concelleiros da corporación. Hai que asumir no rol de concelleiro calquera tipo de crítica, fundamentalmente sobre as nosas accións. Considera que, salvo que exista unha condena en firme, o resto entra dentro do xogo político e que non reprobará a ningún compañeiro. Absterase

Sr. Hermelo Álvarez: Votarán en contra, Di que o PP non ten capacidade para reprobar a ningún concelleiro, vendo o acontecido na corporación anterior.

Sr. Soliño Costas: Di que se tome como un tirón de orellas. Dille ao Sr. Mera Herbello que defendeu os puntos con escusas pobres e e sen fundamento. O Sr. Alcalde tamén foi concelleiro de Cultura e, igual que o de obra preguntelle como foron os ingresos

Sr. Abalo Costa: Este ano vin o entroido mais vivo que nunca. Coincide na linea do Sr. Iglesias Santos.

VOTACIÓN E ACORDO:



Concello de Cangas

Votos a favor: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1364/2018.Moción do grupo municipal socialista sobre o acordo entre a FEMP e o Ministerio de Facenda para que os concellos poidan investir o seu superávit

Desfavorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 4, En contra:

11, Abstencións: 5,

Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.03.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, presentada o día 14.03.2018, relativa ao acordo entre a FEMP e o Ministerio de Facenda para que os concellos poidan investir o seu superávit, que é como segue:

"A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento para as corporacións locais: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 establece que "as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario", mentres que no artigo 32, destino do superávit orzamentario, sinala que "este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda".

A Lei 9/2013, de débeda comercial, modificou a Lei 2/2012 para permitir que os concellos puidesen, cunha serie de requisitos, destinar o seu superávit a investimentos financeiramente sostibles, definición recollida no Decreto-Lei 2/2004, de 21 de febreiro na súa Disposición Adicional 16. Esta modificación non satisfizo ás demandas municipais, posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas son:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesoureira.

- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



- *Destinar o sobranse a amortizar débeda.*

Estes condicionantes deron como resultado que os concellos fosen a única administración con superávit, a única administración saneada e cumpridora cos seus obxectivos, pero tamén a única que, paradóxicamente, non pode investir o seu aforro. Así, a débeda municipal no seu conxunto acadou xa o obxectivo do 3%, fixado para 2020, e o superávit total das Entidades Locais de España é de medio punto do PIB.

Polo tanto, a bonanza dos concellos por unha banda é a subida de impostos ás empresas, por outra, permitiron ao goberno cumprir por primeira vez nunha década o obxectivo do déficit, reducindo do -5,1% ata o -4,33%; sendo o superávit dos concellos a nivel nacional do 0,64%, acadando os 7.083 millóns de euros.

A aplicación desta regra aos concellos supuxo, na práctica, que se castigase ás administracións máis próximas á cidadanía, fundamentalmente nos momentos de maior crise e cando os nosos veciños máis necesitaban destas administracións:

- *Para resistir en condicións dignas unha dura situación económica e social, que se tornou aínda máis grave debido ao total desamparo da Administración Central do Estado e, en moitos casos, como o galego, tamén ao desamparo da administración autonómica.*

- *Limitando a autonomía das Entidades Locais para decidir por si mesmas a que necesitan destinar os seus recursos.*

Ante todo isto, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do 30 de novembro de 2016, aprobou solicitar ao Goberno de España que atendese as demandas dos concellos e que lles permitise empregar o seu superávit na mellora das condicións de vida dos seus veciños, que para ese ano foi aproximadamente de 4.500 millóns de euros.

No mes de maio de 2017 a FEMP volveu a tratar este importantísimo tema para as entidades locais, acordando solicitar ese permiso non só para o exercicio 2017, que se atopaba xa moi avanzado e impediría, pola súa propia tramitación, facer con tempo determinados investimentos, senón tamén estendelo ata o ano 2018.

Debido ao silencio do Goberno de España ante esa petición das entidades locais, a FEMP reiterou en varias ocasións o cumprimento dos acordos unánimemente adoptados.

Finalmente, o 26 de febreiro de 2018 celebrouse na sede da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) un cumio de alcaldes e alcaldesas ao que asistiron máis de 300 edís e cargos locais, e no que o presidente da FEMP, Abel Caballero, e o Ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, acadaron un acordo para que, por fin, os concellos poidan empregar o seu superávit, ampliando as opcións de gasto e, así, poder destinalo a investimentos financeiramente sostibles (IFS), que xa estaban contemplados, pero tamén a infraestruturas educativas, sociais, culturais, deportivas, e de seguridade e protección civil (incluídos vehículos).

Pese a todo o sinalado, incapaz de recoñecer este éxito do municipalismo, o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, reacciona atacando unha vez máis aos concellos,



mentindo e tentando desprestixiar o labor dos milleiros de homes e mulleres encargados de xestionar os nosos municipios, ao afirmar que "probablemente, algunos municipios, por falta de eficacia en la gestión, no fueron capaces de ejecutar el presupuesto y ahora tienen superávit" ou "si lo que se plantea es un segundo plan E ante las municipales, es un error en el que no deben caer ni los alcaldes ni la Administración Central [...] No estamos en situación de gastar lo que no tenemos. Hay mucha deuda pública y muchas necesidades de los ayuntamientos gallegos

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes

Acordos:

1. - Recoñecer o papel decisivo da FEMP para acadar o acordo co Ministerio de Facenda que permite o uso efectivo do superávit municipal e que reforza a autonomía local e o papel político e económico dos concellos.

2.- Solicitar do Goberno de España que se respecten os prazos demandados pola FEMP para o desenvolvemento regulamentario do sinalado acordo, permitindo así o cumprimento da totalidade dos aspectos contemplados neste.

3.- Empregar estes fondos, despois do desenvolvemento regulamentario, facendo pleno uso da autonomía local, é dicir, á marxe de tutelas, mentres se cumpra a regra de gasto.

4.- Reprobar ao presidente da Xunta de Galicia polas manifestacións feitas en relación a este acordo, pois supoñen un novo ataque á autonomía local e un intento máis de desprestixio da política local."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: Dá lectura e expón os motivos e os puntos de acordo.

Sr. Hermelo Álvarez: O posicionamento da Aspun, aínda que existen puntos que se poderían valorar de xeito positivo será negativo porque consideramos que non procede recoñecer o labor dunha institución que é o que ten facer como é o caso da FEMP

Sr. Abalo: o documento defendido pola FEMP non foi traslado e non se ten un coñecemento profundo do que se defende. Non se sabe se o goberno incumprirá o acordo xa que o prazo expira mañá. é de vital importancia coñecer o alcance do Decreto, ve mellor que se recupere a proposta máis adiante

Sra. Giráldez Santos: Di que recoñecer o traballo que teñen que facer non é necesario (pola FEMP). Respecto do segundo punto non coñecemos o contido do acordo e pedía se retiraba o punto 1 e 2 en caso de incumprimento e manter os dous segundos. Que teñamos autonomía para traballar sobre iso

Sr. Iglesias Santos: Comprende que os grupos que non teñen representantes na FEMP poden non ter coñecemento do documento nun primeiro momento pero dende o día 15 tiveron tempo para velo. O Desenvolvemento regulamentario será o que nos permitirá



saber como gastar os cartos do superavit. Eu entendo que podo prescindir do primeiro punto e do 4, que non se reprobe ao presidente da Xunta pero do resto non. Solicítase do Goberno de España que se respecten os prazos demandados pola FEMP para o desenvolvemento regulamentario do sinalado acordo, permitindo así o cumprimento da totalidade dos aspectos contemplados neste, sen máis.

Sr. Millán Blanco: Analizando a motivación da moción empeza cun erro ao dicir que arranca coa aprobación da lei 2/2012, xa que arranca coa modificación do artigo 135 da Constitución do ano 2011. Respecto dos dous puntos primeiros indica que haberá que felicitar a dúas partes que chegan a un acordo. O punto 3 se aplicamos o acordo no Concello resulta que no último trimestre do 2107 o desequilibrio supera con creces o superavit, falamos dun desequilibrio de mais de 2,4 millóns de euros. En canto ao Punto 4, despois de 2009 /2010 deben analizarse as consecuencias económicas das causa do Plan E, repetir ese ano sería moi prexudicial para todas as administracións. Antes estas incoerencias e analizando a situación do Concello votaremos en contra

Sr. Iglesias Santos: non teño inconvinte en felicitar a Montoro pero houbo que facer moita forza de alcaldes do PP para que entrase en razón. Efectivamente puido darse cando foi a modificación do artigo 135 da Constitución pero mentres non se desenvolve legalmente ten o alcance que ten. A reprobación xa dixen que a podía sacar, que era estritamente política porque fixo unha manifestación desgraciada que ataca a autonomía dos concellos aínda que é dunha administración diferente

Sr. Hermelo Álvarez.- Pregunta se se consultou se o remanente se podería estirar en varios periodos, porque os trámites administrativos non áxiles. Seguiremos votando en contra

Sr. Millán Blanco: O informe de estabilidade orzamentaria di que hai 2,4 millóns de euros de desequilibrio

Sr. Abalo Costa: Non está incluído o balance final pero se te pasaran os datos

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 4 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON e 1 do PsdeG-PSOE).

Votos en contra: 10 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 3 da ASPUN)

Abstencións: 6 (4 do BNG ,1 de "CANGAS DECIDE" e 1 do Sr. Abalo Costa.)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 20:25 horas abandona o Salón de Sesiões o concelleiro Sr. Abalo Costa.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19 de febreiro e o 19 de marzo de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

O Sr. Sotelo: reitera que non se pode facer chegar a documentación do Pleno ás dúas da tarde. Que se manden as Resolucións ao mesmo tempo que se manda a orde do día, que non é a primeira vez que pasa.

O Sr. Alcalde di que conste en acta.

Sr. Iglesias Santos: a Comisión europea puxo en marcha a iniciativa WIFI en 4 GU destinado a municipios en toda Europa para crear puntos de acceso inalámbrico en espazos públicos, pregunta si o Concello está enterado.

Sr. Pérez Gallego: estamos apuntados xa.

Sr. Iglesias Santos: pregunta cal é o acordo ou resolución que dá orixe ao fondo social do Concello, cal foi a data de entrada en vigor, cales son os criterios de adxudicación, cantidades abonados, etc. Di que xa o preguntou por escrito o 27 de xaneiro de 2017 e non tivo contestación.

Sr. Alcalde: di que se contestará por escrito.

Sr. Iglesias Santos: respecto do proxecto Son de Mar. O 9 de xuño de 2017 preguntei como se xestou a participación do concello da subvención da que quedamos fora? Seguimos sen contestar.

Pide copia da documentación que se lle dará á persoa que fará RPT, que se pediu por escrito o 7 de xuño de 2017 e a día de hoxe non houbo resposta.

O Sr. Alcalde: o son de Mar implicaba unha gran aportación do concello. Se me fai chegar os papeis me comprometo a facilitar a documentación que poida. Este goberno non tomou ningún medida respecto do persoal que non se viñera tomando historicamente

O Sr. Millán Blanco: o mes pasado solicitamos dous informe un sobre a situación de todos o contratos de obras menores realizados polo Concello e non se nos entregou nada e se a facturación que facía CODEGA cumpría coa lei de contratación pública. Logo do tempo transcurrido un mes non temos resposta.

O Sr. Alcalde pide que lle faga chegar o papel e se lle contestará

O Sr. Soliño Soliño: hai uns catros meses comentei o que pasaba coa estrada que vai ao centro de ensaio de Cimadevila.

O Sr. Alcalde: Está aprobado o plan de sinalizar un lado de estrada para non aparcar igual

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

que poñer resaltes na estrada pero por desgracia non tivemos unha semana sen chuvia.

O Sr. Soliño Costas: A fonte do Castelo e a fonte do ouro, é unha pena que un lavadoiro que se arranxou no se día é unha pena que estea como está. Que se ten pensado facer ao respecto

Sra. Giraldez Santos: Actuaremos en un par de lavadoiros mais, non dá para todo.

Sr. Sotelo Villar: Para que serve o Rexistro? O mecanismo é presentar os escritos no rexistro pero desgraciadamente a maioría non temos acceso á plataforma tan maravillosa que puxeron en marcha

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850